



Teaching Guide

Identifying Data					2020/21
Subject (*)	Modern Language 4: French			Code	613G03049
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Optional	4.5	
Language	French				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Regueiro Diehl, María Mercedes	E-mail	mercedes.regueiro.diehl@udc.es		
Lecturers	Luís Gamallo, María Obdulia Regueiro Diehl, Maria Mercedes	E-mail	m.luis@udc.es mercedes.regueiro.diehl@udc.es		
Web					
General description	<p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e no uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma. Nela se revisarán, consolidarán e ampliarán os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral), insistindo especialmente na comprensión oral de discursos de certa complexidade.</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá ter practicamente consolidadas as competencias do nivel B1+ segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>				
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy 				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.



B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Ter un notable dominio do código ortográfico, da norma gramatical e do léxico máis común que permita construír discursos cun grao elevado de corrección e coherencia.	A8 A10 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2
Escribir textos claros e estruturados sobre unha ampla serie de temas do seu interese ou relacionados coa vida cotiá, aínda que de extensión e complexidade limitada.	A8 A10 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2
Expresarse oralmente en situacións da vida cotiá ou académica con bastante claridade e eficacia e cun ritmo bastante uniforme.	A8 A10 A15	B4 B5 B7 B8	C2
Ler de xeito comprensivo e con certo grao de autonomía textos variados, sempre que non traten de temáticas especializadas ou utilicen unha linguaxe específica.	A8 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2
Comprender as ideas principais dun discurso oral lingüísticamente complexo que trate temas concretos ou abstractos razoablemente coñecidos e pronunciados cun nivel de lingua estándar.	A8 A15	B4 B8	C2

Contents	
Topic	Sub-topic
A. Gramática	1. Adxectivos e pronomes indefinidos. 2. O "gérondif" e o "participe présent". 3. A expresión da concesión e da oposición. 4. O verbo: a correlación temporal. 5. O indicativo, o subxuntivo e o infinitivo nas subordinadas. 6. Principais conectores para a organización dos textos escritos.



B. Obxectivos comunicativos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Resumir, interpretar, comentar e valorar diferentes tipos de discursos. 2. Expoñer e xustificar/criticar tomas de decisións, posturas, ideas, comportamentos... 3. Preguntar e responder sobre sucesos, experiencias... 4. Interactuar e reaccionar adecuadamente en diversos contextos. 5. Adecuar a entoación ás intencións comunicativas. 6. Solucionar dificultades expresivas.
C. Léxico	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identificación e caracterización de persoas, obxectos e situacións. 2. Relacións humanas e sociais. 3. Organización social e servizos públicos: formularios administrativos frecuentes. 4. Siglas e abreviaturas de uso frecuente. 5. O CV e a carta de presentación/motivación. 6. Expresións idiomáticas e frases feitas.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A8 A10 A15 B1 B4 B5 B6 B8 C2	1	0	1
Problem solving	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	16	25	41
Directed discussion	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	15	25	40
Workbook	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Objective test	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Speaking test	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	6	6
Personalized attention		4.5	0	4.5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Problem solving	<p>Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?).</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado &quot;Avaliación&quot; desta guía).</p>



Directed discussion	<p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral).</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademáis das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial. Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado "Avaliación" desta guía).</p>
Workbook	Ademáis da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia.
Objective test	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas.
Speaking test	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante a presentación oral dun traballo tutelado.

Personalized attention

Methodologies	Description
Speaking test Workbook Objective test Problem solving Directed discussion	<p>A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo.</p> <p>O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos-ás estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen.</p> <p>Os-as estudantes poden acudir en horario de tutorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes. Pódese tamen solicitar a realización de tutorías virtuais a través de Teams.</p> <p>Os horarios de tutorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Speaking test	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	<p>Presentación oral dun traballo tutelado que o-a estudante realizará ao rematar o cuatrimestre.</p> <p>Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	15
Objective test	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	<p>Probas escritas da parte práctica e da parte teórico-práctica que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuatrimestre.</p> <p>Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	40
Problem solving	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	<p>Actividades da parte teórico-práctica (contidos gramaticais, expresión escrita e comprensión lectora).</p> <p>Inclúe a valoración da asistencia ás aulas.</p> <p>Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	25



Directed discussion	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	Actividades da parte práctica (léxico, expresión oral, comprensión oral, interacción oral). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	20
---------------------	------------------------------------	---	----

Assessment comments



LEA ATENTAMENTE A INFORMACIÓN QUE SEGUE:

1. O alumnado ten dúas

oportunidades para aprobar a materia: a primeira ao remate do segundo cuatrimestre e a segunda no mes de xullo. As datas oficiais deben ser contrastadas polo alumnado nos taboleiros oficiais ou na páxina web do centro inmediatamente antes de cada período de exames.

2. A materia está dividida en 2

partes: teórico-práctica [contidos gramaticais, comprensión lectora, expresión escrita] (50% da nota final) e práctica [léxico, expresión, comprensión e interacción oral] (50% da nota final). É necesario obter unha nota mínima global de 5 sobre 10 en cada parte para superar a totalidade da materia. No caso de aprobar só unha parte da materia na primeira oportunidade conservárase a nota para a segunda oportunidade de xullo.

2.1. En cada parte da materia é

obligatorio realizar e obter unha nota mínima de 5 sobre 10 nunha proba final escrita ao remate do 2º cuatrimestre (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade).

2.2. Na parte práctica será

ademáis obligatorio realizar e aprobar cunha nota mínima de 5 sobre 10 unha proba oral final, consistente na presentación oral dun traballo tutelado, que se realizará ao remate do 2º cuatrimestre. O profesorado comunicará públicamente a data, hora e lugar de realización deste exame oral.

2.3. En cada parte da materia é

obligatorio realizar un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas obxecto da materia. Ademáis das actividades presenciais que se realicen durante as aulas, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar un exercicio non presencial. Agás causa xustificada e sempre con autorización expresa do profesorado, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes da realización do exame da primeira oportunidade, o 85% das actividades programadas e obter unha nota media de 5 sobre 10.

3. Tendo en conta o anteriormente

exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

3.1. Parte teórico-práctica (50%

da cualificación final):

a) Un 50% da nota valorará o

exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).

b) Un 45% valorará as actividades

(deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).

c) Un 5% corresponderá á

asistencia ás aulas e ás actividades presenciais.

Esta parte considérase aprobada

se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas dos

apartados a, b desta parte da materia son recuperables, coas mesmas

porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).

3.2. Parte práctica (50% da

cualificación final):



a) Un 30% valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).

b) Un 30% valorará o exame oral (debe cumprir os requisitos do apartado 2.2).

c) Un 35% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).

d) Un 5% corresponderá á asistencia ás aulas e ás actividades presenciais.

Esta parte considérase aprobada

se a suma dos apartados a, b, c, d é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas dos

apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).

4. O alumno-a alumna que na primeira oportunidade non supere globalmente a materia segundo os criterios anteriormente expostos poderá recuperala totalmente ou parcialmente na oportunidade de xullo (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade) segundo as porcentaxes e criterios expresados máis arriba.

4.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nos exames escritos ou no exame oral, deberá facelo(s) de novo na segunda oportunidade.

A data, lugar, hora e outras indicacións para a realización do exame oral da segunda oportunidade comunicaranse en Moodle coa suficiente antelación.

4.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades, deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas nas que terá que demostrar ter acadado as competencias da materia nas distintas destrezas. O profesorado da materia fará públicas en Moodle coa suficiente antelación as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega, etc.).



Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none">- BADCY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E.- BADCY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E.- BOULARÈS, M. (1997). Grammaire progressive du français avec 400 exercices. Niveau avancé. Paris: CLE International.- (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier.- DELATOUR, Y. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau moyen. Paris: Hachette F.L.E.- DELATOUR, Y. (2004). Nouvelle grammaire du français. Paris: Hachette.- FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL.- GAILLARD, B. (1995). Le français de A à Z. Paris: Hatier.- (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse.- HANSE, J. (1996). Nouveau dictionnaire des difficultés du français moderne. Paris: Duculot- (1995). Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire de la langue française. Paris: Dictionnaires Le Robert.
Complementary	Ao longo do curso ofreceranse referencias bibliográficas e outros recursos específicos para cada tema. Tanto nas clases teórico-prácticas como nas prácticas facilitarase ao alumnado diverso material complementario. Na biblioteca do centro pódese atopar todo tipo de material impreso e audiovisual relacionado coa lingua francesa en consoancia co nivel e os intereses do alumnado. É recomendable que se solicite orientación e consello ao profesorado da materia.

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Idioma Moderno: Francés/613G03016

Modern Language 2: Francés/613G03029

Modern Language 3: French/613G03033

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.